


# Jesús Rodríguez Jares

*“A paz, camiño de amor, de entrega e de esperanza”*

*“Mirar atrás para percorrer a maior parte da miña experiencia profesional como membro de Educadores pola Paz, é un exercicio de inesgotables sensacións de placidez e felicidade”. Con estas palabras Suso Jares abre o limiar do primeiro libro da triloxía que conmemora o 25 aniversario do colectivo creado e liderado por el ao longo dun cuarto de século. “Tempos de amor, de entrega e de esperanza” nos que tivo que conxugar os roles de axitador, escritor, investigador e educador. Esta é a historia dunha vida que o consagra como pai da Educación para a Paz en Galicia.*

A close-up portrait of a man with short, graying hair and glasses. He is looking directly at the camera with a slight smile. His right hand is resting against his chin and cheek. He is wearing a dark purple or maroon sweater. The background is dark and out of focus.

Texto\_ **Gena Borrajo**

Fotografía\_ **Fernando Bellas**

O seu compromiso coa paz e os dereitos humanos empeza a facerse firme cando se incorpora ao servizo militar. Así o manifestaba nunha entrevista concedida no ano 2001 a *Cuadernos de Pedagogía*. A experiencia militar cáusalle un grande impacto. Daquela, en España estaban a xermolar os primeiros movementos pacifistas,

tar Especial de Madrid e publicáralos *Cuadernos* no 1982. Así comezaba o seu periplo en defensa da paz e dos valores humanos.

En 1983 funda, xunto ao seu amigo, Manolo Bragado, Educadores/as pola Paz, dentro do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. A súa intención era difundir e sensibilizar a poboación, en xeral, e o colectivo docente, en particular, sobre a necesidade de educar nuns principios que favorezan as relacións humanas, baseadas sempre no recoñecemento mutuo e a non violencia.



tamén se falaba da posible entrada do noso país na OTAN e os estrategos da guerra fría cuñaban vocábulos, como “teatro nuclear europeo”, ou “guerra nuclear limitada”. Todas estas circunstancias móvenos a posicionarse no tema. Precisamente, o primeiro artigo escribíno dende a Academia Mili-

Nos colexios vigueses principiaban as celebracións do Día Escolar pola Paz, o 30 de xaneiro. Aínda non hai moito, Manolo Bragado lembraba “as primeiras cadeas de nenos e nenas diante do cárcere vello, as soltas de globos nos patios dos colexios, ou os programas cos rapaces de bacharelato en Radio Popular de Vigo, desenvolvidos en plena carreira armamentista”.

Educadores pola Paz convertíase no primeiro movemento español que asumía a construción da paz e a resolución pacífica dos conflitos a través

da actividade educadora. Instalábase primeiro en Galicia, logo en todo o Estado, máis tarde en Portugal e nos últimos anos en Latinoamérica.

Tamén empezan a celebrarse xornadas e os coñecidos encontros de Educadores pola Paz, que ano tras ano reunían un importantísimo número de docentes comprometidos coa causa. Así, ata o 25 aniversario, festexado o pasado mes de abril, aínda co admirado e entrañable Suso presente. Daquela estaba xa moi enfermo. A doenza minara visiblemente o seu físico, pero tiña azos aínda para presentar relatores, coordinar mesas... Todo ocorría ante un afervoadado auditorio que atordaba o recinto cos aplausos e non podía conter as bágoas: era inevitable que non lle viñera a un á cabeza aquela impresión de que o festexo coincidía co seu adeus e, por este motivo, a ledicia e a tristura mesturáronse nunha estraña amálgama durante aqueles tres días.

Por desgraza os peores presaxios cumpríronse catro meses despois. Suso falecía o 27 de setembro dese mesmo ano. Segundo declararon as persoas que o acompañaron ata o derradeiro folgo, finou cos brazos abertos. Xeneroso ata o final... Era un conversador afable, cariñoso e entregado; unha persoa sinxela e humilde. Que magnífico exemplo nestes tempos de aparencias!

Iniciara a súa vida profesional como mestre. Nos últimos dezaioito anos foi, primeiro profesor e logo catedrático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Coruña, onde fixo grandes amigos, como quedou probado o día do enterro en Vigo. Hoxe é recoñecido como pai da Educación para a Paz e o seu nome goza de enorme prestixio, dentro e fóra do noso país. Talvez a súa grandeza haxa que buscala no feito de que nunca deixou de ser aquel modesto neno de aldea do interior.

## Infancia e mocidade por terras de Ourense

Xesús Rodríguez Jares nace en Viana do Bolo (Ourense), "un territorio debuxado en ocres, verdes e violetas, poboado de castiñeiros e vides. Leite fresco que a súa nai fervía tres veces para escorrentar o frío intenso do interior; un frío resistente á felpa e á cociña de leña. Unha onza de chocolate, unha rosca e... á escola! Así soñaba el a súa patria verdadeira, con olor a herba e mel, por onde paseaba gozoso os anos felices da inocencia". Con estas fermosas verbas, Paz Raña, a súa dona, describe o contorno no que medra Suso, e os sentimentos fondos que lle inspiraba a terra que o viu nacer e que, ben seguro, só compartiría coa persoa que tanto significou na súa vida.

Tras estudar bacharelato, a súa vocación apunta cara á Medicina, pero un exame de selectividade cambia o seu destino. Neses anos, a súa familia xa estaba instalada na cidade das Burgas e ánimo a estudar Maxisterio porque resultaba menos custoso e podía cursalo á beira da casa. Así comeza a súa relación coa pedagogía, unha experiencia que, en principio, lle produce desencanto. "Aquilo parecía máis un instituto que unha universidade", comentaría nalgunha ocasión.

Tampouco a primeira escola, en Montederramo, na que exerce como mestre, lle causa unha boa impresión. "Non se recoñecía o dereito a falar a nosa lingua e os valores afastábanse totalmente daquilo que para min sig-

Xunto ao seu  
amigo, Manuel  
Bragado,  
funda  
Educadores  
pola Paz

**Dende  
os seus inicios  
como mestre  
defendeu  
unha  
educación  
liberadora  
e en lingua  
galega**

nificaba educar". Era o outono de 1978, chegaba ao seu primeiro destino no coche de liña e cunha estética xenuína de maio do 68, que casaba á perfección coas ideas que trataba de poñer en práctica e que batían coa realidade do momento. Naquela escola daba clase a dez alumnos de EXB (catro de quinto, tres de sexto e tres de sétimo). O primeiro que leu con eles foi *O Principiño* e, ao comezo, os rapaces estaban confundidos "porque o mestre falaba en galego e pedíalles que o chamasen polo seu nome de pía".

Daquela estaba moi influenciado polo pensamento da Escuela Nueva, Célestin Freinet e a Escuela Moderna, A. S. Neill (coa experiencia de Summerhill), Paulo Freire e Lorenzo Milani. Non lle resultou doado aplicar preceptos, como partir do máis próximo e poñelo en valor, porque tal pensamento supoñía comezar polo uso da lingua propia, o que entón "non estaba legalizado e continuamente tiña que dar explicacións".

Neste ambiente de contradicións vese obrigado a facer verdadeiros equilibrios para ofrecerlles aos alumnos e ás alumnas a educación liberadora na que el cría e permanecer, minimamente, dentro das canles do politicamente correcto. Aínda así, as súas clases afastábanse bastante do convencional. Traballaba investigando no medio e construía cos rapaces o libro de vida a partir dos textos sobre o contexto natural e social nos que se movían.

Tampouco hai que esquecer a influencia que exerceu na súa traxectoria persoal e profesional a participación activa en asociacións, como o MCEPG (Movemento Cooperativo da Escola Popular de Galicia), coñecido como o movemento Freinet galego, e en Nova Escola Galega.

## **Escola pública, democrática e laica**

Suso reivindicaba unha escola pública, laica e integradora de crenzas e culturas. Sempre manifestou a necesidade de inculcar valores democráticos nos centros escolares e, de aí, a súa actitude belixerante cos sectores que tanto se teñen oposto á materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos. Para el, a educación cidadá debe considerarse como unha cuestión de Estado, como a educación en xeral. Nos momentos de maior tensión entre defensores e detractores da materia, pronunciábase de maneira clara e contundente en diarios, como *El País*, ou revistas, como *Cuadernos de Pedagogía*.

Nunha entrevista publicada en *Eduga* hai algo máis dun ano, referíase á "necesidade de formar persoas autónomas e responsables, con capacidade de reflexión e decisión", algo que asociaba ao concepto de cidadanía. Nese sentido, entendía que a materia contribuiría a mellorar o ámbito de relación, porque "fala de convivencia democrática, de resolución non violenta de conflitos" e, en definitiva, "de impulso da cultura de paz". Advertía, non obstante, da necesidade de arroupala dándolles un impulso ás titorías "tan importantes para reforzar as boas relacións nos centros"; e propoñía enchelas de contido, o que significa convertelas en momentos nos que o alumnado "se descobre a si mesmo, descobre os demais e aprende a convivir en paz e harmonía".



Para el a convivencia pacífica é o referente fundamental que debe guiar a vida das persoas. “A Declaración Universal dos Dereitos Humanos é a catedral laica das relacións sociais”, dixo nalguna ocasión; e “á escola correspóndelle a responsabilidade de integrar a diversidade cultural que acolle nas aulas”. Iso si, “ningunha proclama de defensa da tradición, ou de determinadas prácticas relixiosas poden manterse, se van contra a dignidade e a igualdade recollidas na devandita declaración e na Carta Magna”.

## A familia e os amigos

Neste bosquejo de Suso Jares, non hai que esquecer os vínculos afectuosos dos seus e das amizades que o rodeaban. Ninguén quedaba indiferente ante o seu encanto, porque a súa presenza era rotunda e irresistible. Sira e Paz, a filla e a muller, foron os seus grandes apoios. Formaban unha familia unida e feliz. Hoxe as dúas tratan de vivir coa ausencia, como o mesmo Suso lles encomendou. “Pasamos a primeira noite de Reis sen el”, comenta Paz. “Ese día conversabamos e compartiamos lecturas...” Vivían as relacións humanas no seu estado máis puro, non precisaban agasallos, porque o máis importante eran as persoas e os afectos.

O 11 de decembro do 2008, o seu cuñado, Román Raña, referíase a Suso no *Faro da Cultura*, e facíao nestes termos: “Adoraba o jazz e o chocolate, reverenciaba o viño...” “bebía a música con gorentoso pracer. Tocaba a guitarra e o saxo con porosa disciplina e cantaba nas festas coa súa voz de aldea mansa, de río e cornucopia...”

Manolo Bragado foi un dos seus grandes amigos e destaca del a súa “especial sensibilidade á hora de comunicarse cos demais. Coidaba especialmente a parte emocional, concedíalles importancia ás persoas e ás súas circunstancias”, o que permitía que o interlocutor “se sentise respectado”. Falaba claro e non esquivaba o conflito, senón que o encaraba de forma positiva e non violenta. “Non era persoa de verdades absolutas”, máis ben “convidaba á reflexión e á dúbida”, e cría que cada individuo debe construír as “súas propias perspectivas e camiños”.

Por todo isto, pola familia, pola amizade, polos ideais... e evocando as palabras pronunciadas polo seu compañeiro e amigo, Narciso de Gabriel, o día que o despediamos, “valeu a pena vivir!”

## Os seus proxectos máis salientables

Coordinador do colectivo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega.

Presidente de AIPAZ (Asociación Española de Investigación para a Paz).

Presidente da AGAPPAZ (Asociación Galaico-Portuguesa de Educación para a Paz).

Deseñou e coordinou o proxecto multidisciplinar e solidario "Construír a Paz. Cultura para a Paz.

Deseñou e coordinou o programa educativo municipal do Concello de Vigo "Aprender a convivir".

## Algunhas das súas obras

*Técnicas e Xogos cooperativos para todas as idades.* Vigo, Xerais. 2005, 3ª ed.

*Educación para la paz. Su teoría y su práctica.* Madrid, Popular. 2005, 3ª ed.

*Educación e dereitos humanos. Estratexias didácticas e organizativas.* Vigo, Xerais. 1998. Edición en castelán na Ed. Popular. Madrid, 2002. 2ª ed.

*Aprender a convivir.* Vigo, Xerais. 2006. 3ª ed.

*Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia.* Madrid, Popular. 2001. 2ª ed. (2007).

*Educación para la verdad y la esperanza. En tiempos de globalización, guerra preventiva y terrorismo.* Madrid, Popular. 2005. 2ª ed.

*Pedagogía de la convivencia.* Barcelona, Graó. 2006.

*Educación e paz I. 25 anos de Educadores pola Paz.* Vigo, Xerais. 2008.

**eduga** someterá todos os traballos a informe de consultores na modalidade de revisión anónima. No caso de que o tema así o requira procederá a consultar avaliadores externos. As avaliacións atenderán a criterios de relevancia, adecuación ás normas da publicación, actualidade do traballo e alcance das conclusións.

## colabora con investigación



**Nesta sección recóllense os artigos que, mediante o estudo sistemático, a análise científica e a realización de proxectos, axudan a comprender, explicar, interpretar ou transformar a realidade, tanto no que atinxe aos sistemas educativos, como á intervención pedagóxica.**

Os traballos deben axustarse ás seguintes normas:

- Non superar os 12 folios, DIN-A4, letra Times New Roman, 14 puntos.
- Incluír un mínimo de 3 imaxes, que poden ser táboas, gráficos, ilustracións ou fotografías. Estes non se computarán na extensión do artigo.
- Estar escritos, preferentemente, en lingua galega. Os que cheguen á redacción da revista en lingua castelá serán traducidos seguindo a normativa oficial.
- Ir precedidos dun título, nome e, polo menos, un apelido do autor ou autora, así como a especialidade e/ou destino no que exerce; un resumo do contido, que en ningún caso, superará as 10 liñas e 5 palabras clave.

Os artigos deben enviarse a:

**[revista.galega.ensino@edu.xunta.es](mailto:revista.galega.ensino@edu.xunta.es)**